

## **ÁLVARO CUNQUEIRO: A HISTORIA DA CULTURA GALEGA** *CENTRO GALEGO DE LISBOA-XUVENTUDE DE GALICIA- EN 1970*

Ilustrísimo señor representante do Embaixador de España, ilustrísimos señores representantes da Sociedade da Lingua Portuguesa e da Casa do Miño, miñas donas e meus señores:

Eu estou verdadeiramente emocionado por atoparme hoxe aquí con todos vós. En atoparme nesta Lisboa que queren os mitógrafos que leve no seu nome o dun home a quen eu quixen moito e quero, e cuíos anos de infancia e de mocedad contei: Ulises, o héroe das batallas e dos discursos, pra min moitas veces compañeiro de paseos. Gústame que esta sociedade se chame Xuventude de Galicia, porque para min son dúas verbas que eu non quixera nunca separar: Xuventude de Galicia.

Teño unha inmensa fe no destino do noso pobo dentro da ancha e comunal España. Coido que temos moito que dar e moito que servir e que podemos ser donos do tempo noso e do futuro a condición de que deixemos aquel refrán antigo de cando iba unha tropa de galegos chamada polo rei de Castela para campañas contra o mouro na línea do Texo e cando chegaron a Pobra de Sanabria, comenzaron a discutir sobre quen levaría o pendón, e entón un dos que iban alí, da casa de Savedra na terra Chá lucense, dixo aquilo de *somos galegos e non nos entendemos* e deu a volta para casa. Que nunca máis se poda dicir esto de nós.

A máis notoria condición histórica de Galicia é que Galicia está lonxe, e que Galicia era o Finisterre, o extremo da terra conocida. Despois daquelas rocas do Fisterre, daquelas rocas mouras nas que bate a onda atlántica, xa non quedaba máis que o mar tenebroso cheo de abismos e de enormes bestas nunca vistas... aquel océano no que según Séneca navega a besta enorme chamada Leviatán.

Cando as lexións románs chegaron a Fisterre -conta Valeiro Flavio- que os soldados ó ver o sol asolagarse no océano, escoitaron algo así como o runxido que fai un ferro o roxo vivo que se mete na fragua do ferreiro e asoenllaronse e di .... que estaban presos dun relixioso terror: habían chegado o fin do mundo e habían visto a morte do sol....

Pero polo sur, antes de chegar ó Fisterre, cando as lexións románs chegaron ó río Lima, creron que era un río famoso na mitoloxía greco-latina, creron que era o Letheo, o río do olvido. Os que pasaban aquel río ó chegar a outra ribeira, esquencíanse a lingua que falaban, esquencíanse os nomes propios, os nomes das súas familias e os rostros, xa non sabían de onde eran, apátridas, vagabundos, sen noites nin días polo mundo. E non

quixeron cruzar o Lima e tuvo que ser o propio xefe das lexiós, Décimo Xuño Bruto, quen pasou a caballo e dende a outra ribeira empezou a chamar os lexionarios polo seu nome, a dicirlles as batallas en que habían estado xuntos, as xentes que o coñeceran e hasta os nomes das familias e os nomes das terras de onde proviñan. E entón, convencidos de que aquel non era o Letheo, de que aquelas augas mansas que van verdes entre ... e xunqueiras creron de verdade que non era o río do esquezo e pasárono e emprenderon a conquista de Galicia, a romanización de Galicia. De modo que Galicia é nin máis nin menos unha terra que ten a cabeza onde remata o mundo coñecido e ten os pés no Río do Esquezo. Realmente non pode haber país máis estrano, non pode haber país que estea máis lonxe, e que de máis lonxe veña a entrar dun xeito ou outro na grande historia humán.

Agora ben e este é un dos grandes problemas da realidade histórica galega ¿quen vivía en Galicia? ¿quen eran os poboadores dos vales e das ribeiras mariñeiras de Galicia? ¿quenes vivían nos castros? ¿que deuses había nos nosos bosques? ¿que falas eran as que andaban por alí? Os galegos, en primeiro lugar os historiadores, porque leron en Plinio sabían di Toribio, sabían que había moitos municipios que os romás chamaban celtas, e se había alguén no momento da romanización de Galicia que soupera o que era un celta, eran os románs que viñan de pelear contra eles na Galia Cisalpina e na Galia Trasalpina. Tamén no século XVI se lle preguntamos a un home, se preguntáramos quen é o que sabe que é un mouro no mundo, pois contestaríamos que un español, porque viñamos 700 anos de pelexar contra eles, pro resulta que os españoles chegan ás islas Filipinas e á aqueles xefes paganos polo tanto amarelos e que non falaban árabe senon tagalo, chámanlles *moros*, os *moros de Cebú*, os *moros do Iloilo*, os *moros de Luzón* etc. e os seus xefes chámanlle mahometás porque, porque profesaban a relixión mahometana. Unha cousa deste tipo puidose moi ben ter producido entre os románs. Puideron moi ben tratarse aqueles pobos de que ou tiñan unha lingua celta ou que tiñan unha determinada metalurxía, ou unha determinada cerámica o feito é que lles chamaron celtas. Pero nós hoxe estamos seguros de que á penas houbo celtas en Galicia. Foi un número moi escaso.

Eu dixen unha vez nunha conferencia en Vigo -e parece que non gustou moito- que había no momento en que houbo mais, non máis que os socios o Real Club Celta de Vigo. Pero esto foi un comodín. En primeiro lugar ós galegos gustoulles de vir desta raza errabunda desta gran raza viaxeira de Europa que atravesou a selva *Herciniana* -que etimolóxicamente dicía antes de que se produxera un fenómeno da caída da cu na das linguas celtas, era que *Querciniana*, e dicir, do *querqus*, do carballo- atravesar esta gran selva hasta Europa, chegar ós Finisterres todos pasar o mar e chegar a Irlanda, subir hasta Escocia, en fin esta gran raza amadora do mar e da onda atlántica e ó mesmo tempo vagabunda por totalas grandes chairas de Europa. O galego gustoulle pertencer un pouco a esto. E os historiadores galegos, Murguía especialmente claro apoiados en..... e tal insistiron no fondo Celta da raza galega que por outra parte era un comodín.... Porque hai moita xente por aí que dí que os galegos somos humoristas e que esto veunos dos celtas.

Houbo moitos máis celtas en Segovia e en Sigüenza -dúas poboacións que teñen nome celta Segobriga e Segontia- que houbo en toda Galicia; e nunca oín falar que os segovianos seían humoristas ou os segontinos. Serviu pra moitas cousas, serviu para dicir por exemplo que cando no campo galego ou na ribeira do mar, atopamos xente loira co cabelo rubio e os ollos claros que eso é unha cousa que vén dos celtas. Non é verdá, vén dos suevos, das emigracións xermánicas en Galicia, porque se houbo celtas en Galicia e eran os procedentes do río Guadiana -do antigo Anas- eran pequenos e morenos, e non loiros. Hasta o punto que outras tribus pequenas e morenas celtas que foron poboar por exemplo o norte de Escocia os (pictos) habendo corrido entre eles a idea -tamén unha idea un pouco estraña e dificilmente explicable de que o celta era alto, loiro e de ollos azuis-pintáronse, teñíronse de roibo e por eso chámase Pictos, os pintados.

Murguía conoía por exemplo o Liber Gabala, o Liber Gabala é un libro irlandés moitas veces refeito, pero probablemente na forma que o temos neste momento é do século XI. Está feito por redactados da derradeira redacción por un monxe do monasterio de Lindisfarne na actual Irlanda. Neste libro que tamén pode levar por título *As conquistas dos fillos de Breogán* conta a navegación desde Galicia a Irlanda de determinadas tribus celtas mandadas polos fillos do rei Breogán, constructor do primeiro faro da Coruña do que hoxe se chama a Torre de Hércules, polo seu revestimento román etc. Entón o libro é moi fermoso e os capítulos adicados á saída dos celtas da Cruña para Irlanda é precioso. Levaban nada menos que a gaita e no mes de setembro cando soan os ventos tan cristalinos do sul que parece que o mundo ... se mete dentro dunha redoma de cristal, vían polas mañanciñas, alá no lonxe, pousada no mar, unha esmeralda verde. Era a illa de Irlanda. Víana desde Coruña. Chegaron alí e pelexaron cunhos pobos secretos e máis antigos, probablemente un dos pobos máis antigos dos que haxa noticia .... o de Danán eran os dioses e tal, un pobo que despois pasou a historia de Irlanda casi como un pobo de demonios de xente xigantesca e terrible destructores de pobos e tal...

Entonces tomouse un pouco ó pé da letra o Liber Gabala, e entón dixeron xa non hai discusión dice o ... os romanos souberon moi ben o que era un celta, sabemos e podemos probar filolóxicamente que algunhas das tribus galegas protohistóricas como os Lemacos do Val de Lemos, os Límicos do Val da Limia, seguro que eran celtas e probablemente algunha xente o norte da provincia da Cruña, de Bergantiños algunhas zonas sabemos tal, e aínda encima vén o Liber Gabala que nos fala das expedicións dos fillos de (MII) dende Galicia a Irlanda, pois xa non hai duda ningunha. A verdá e que hai tódalas dudas, repito a moderna investigación arqueolóxica, filolóxica e etnográfica está de acordo en que os celtas foron moi poucos, estiveron en áreas moi delimitadas e a sua cultura... simplemente un dato: todo o mundo máximo galego que e moi intenso e moi coherente un dos mundos máxicos máis coherentes de toda a Europa Occidental, non ten absolutamente nada que ver, pero absolutamente nada que ver, co mundo máximo céltico, e dicir, as estruturas do mundo máximo galego, son totalmente diferente das estruturas do mundo máximo celta, tódalas supersticións galegas, que por certo están codificadas por un home que viviu nun mosteiro, nun dos primeiros mosteiros de Portugal perto de Braga

un dos evanxelizadores perto de Portugal e de Galicia, San Martín de Dumio, escribiu no século VI que foi cando el viviu, un libro para correxir as supersticións dos campesinos desas zonas, o libro títulase "De corretione rusticorum" de como hai que corrixir ós rústicos. Bueno pois alí están todalas supersticións que podemos chamar galego-bragarenses ou bracarenses non dándolle a Braga primada, ese gran senso que tuvo da cabeza da igrexa na Galicia, están alí todas e en ningunha delas, en absoluto, ten nada que ver coas estruturas do mundo mitolóxico, do mundo máxico e mítico dos celtas, e tamén debo decir que na maior parte de Galicia dun xeito ou de outro, non podo dicir o mesmo do norte de Portugal, pero dun xeito ou de outro na maior parte de Galicia no campo e no mar entre galegos e mariñeiros están vivas pouco modificadas, a veces exactamente tan e como San Martín de Dumio intentaba correxir no século VI, fanse en este momento en Galicia en determinadas épocas do ano ou con determenados acontecementos prácticas que estaban en vigor no século VI.

Xa digo que en absoluto teñen que ver nin coa paganía romá, e dicir nin con a relixión romá que en determinados aspectos era moi aberta e recollía todos cantos deuses aparecían de todalas partes, nin ten nada que ver co mundo céltico que si o houbera no sustrato delas estarían todas estas supersticións, e dicir todas estas estruturas do mundo máxico.

Pero a cousa complicouse porque no século pasado nós tivemos un grande poeta, un enorme poeta, un gran cantor, Eduardo Pondal. Eduardo Pondal sendo estudante de menciña en Santiago caeulle nas maus un libro que no seu tempo -60 ou 70 anos antes de que o lera Pondal- foi o libro máis lido, con máis paixón e emoción, en toda Europa. Foi o *best seller* daquel tempo, foi traducido a tódalas linguas... e eu podía dicirlle agora dúas ducias de momentos en que homes esenciais de Europa, e momentos esenciais de Europa, len os falsos poemas de Ossían que inventou un crego, un pastor escocés chamado Mc Pherson. Houbo un mago e erudito celta en Irlanda chamado Ossían, Ousín é o seu nome. Este Ousín ou Ossían debeu vivir alá polo século IV ou V... Cos celtas de Irlanda pasa un pouco como a India, son xa pobos históricos nos cales a data non ten importancia ningunha, de modo que cen anos pra riba ou pra baixo non é nada e non hai maneira nunca de enterarse, pero supoñamos que viviu polo século V, tiña tanta importancia que cando empeza a cristianización de Irlanda por San Patricio, invéntanse conversacións entre San Patricio e Ossían, en que Ossían, aínda que opoñéndose levemente o cristianismo acepta gran parte das cousas, e sobre todo reconece unha cousa moi importante que é que o San Patricio falaba moi ben. É exactamente igual como cando os cristiáns no siglo II e III se inventan as famosas cartas cambiadas entre Séneca e San Pablo... non houbo nunca as cartas entre Séneca e San Pablo, naturalmente, pero o que se pretendía, e que escribíndose Séneca con San Pablo, Séneca dáballo a San Pablo unha grande autoridade retórica. As epístolas de San Pablo entóns xa non estaban escritas nun linguaxe cheo de paixón e cheo de faltas de sintaxis etc. era un gran retórico, o cal se probaba, porque Séneca se escribía con el.

Ben, entón Mc Pherson colle uns poemas probablemente escritos por Ossián e senón por outros poetas irlandeses da época de Ossián e posteriores, o ciclo da xoia xaspeada, o ciclo do país da eterna primavera, etc. e el inventa uns poemas que llos atribue a Ossián e que todo o mundo, incluso nos seus primeiros anos o noso Menéndez y Pelayo, cren que efectivamente os poemas ossiánicos son verdadeiramente, aínda que Menéndez Pelayo reconece que debe haber algunha mistificación por parte de McPherson, reconece que aínda a cousa non é así, que debe de haber moito fondo auténtico, primitivo etc. É un libro que leu todo o mundo. Leuno Napoleón Bonaparte na víspera da batalla de (...) estaban entrando coas tropas francesas en Milán iba a cabalo e iba lendo o libro. (...) e o heroe da loita, das loitas de Hungría na primeira metade do século XIX, a víspera da morte na batalla de (...) está a carón dun pozo está bebendo o seu cabalo e el séntase para ler os poemas de McPherson. Chateaubrian foi un gran lector de McPherson... eu quixera dicirlle ó representante do señor embaixador de España o perigoso que é ler a McPherson nas embaixadas, e especialmente se derriba... está o lado dunha consola, e no alto hai un cuadro que representa a unha mariña. Din que Chateaubrian na súa embaixada de Roma estaba lendo os poemas de Ossián e cando chegou a aquel verso tan fermoso que moito tempo despois repetiría ... e dixo aquilo de que *os pés do vento brillan ó longo do mar*, do cuadro saliu unha ola que mollou ó señor vizconde René de Chatobrián.

Entón Pondal colle a McPherson e os poemas ossiánicos e escribe el "Queixumes dos pinos" que son unhos poemas ossiánicos. Claro Pondal non sabía celta e tiña que inventar nomes para os celtas ¿que fai? colle os nomes das aldeas de Bergantiños, da Terra de Xallas, de Ponteceso, de Carballo, de Camariñas, de Xornes, de Ponteceso e estos nomes de lugares, estes nomes de bosques ou estes nomes de montes ou de ríos transfórmaos en nomes de celtas, en nomes de fermosísimas rapazas, en nomes de grandes reises, hai un pinar que se chama (Gundar.) bueno pois entón vai Pondal e inventa unha fada que se chama (Gundar...) que ten o cabelo de ouro... en fin á parte de mesturar con eles nomes como de Fingal, un dos heroes típicos dos poemas macphersonianos, e entón de aí vén xa está incontenible riada: os galegos somos celtas, están aí ademais os "Queixumes dos pinos"; somos irónicos e excépticos coma os celtas, somos racionalistas, amigos dos panaceos coma os celtas, somos amigos das recomendacións como os celtas, que tiñan un carballo e un dios metido nun carballo para poder mandar as recomendacións. **Para colmo, nos procesos de inquisición que para Santiago que publican Tetamancy e Neira de Mosquera, resulta que un dos demos que máis circulan nos procesos de inquisición galega é o famoso Astarot que se chama Astarote nas bruxas dos procesos daquel tempo, e é aínda moi coñecido en certos lugares de Galicia. Eu teño localizado en tres ou catro sitios persoas que vamos, que falaban de Astarot e traballaban un pouco con el. Entonces este Astarot é amigo da xente rica, é amigo de facer favores, e xa no Talmud os xudeos consideran que é..., ah ben, hai que decir unha cousa que é que cando a rebelión dos ánxeles contra dios houbo un grupo que quedou neutral, e este grupo neutral, esta terceira forza, quen a mandaba era o demo**

Astarot. Pero entonces Deus dixo "¿Ah si? ¡Ó inferno todos!, porque está ditos nas escrituras que Deus vomitará os tibios", de modo que os neutrales tamén os mandou ó pozo e Astarot era o xefe deles. De modo que este home da terceira forza, polo tanto quere estar a ben con todos, especialmente cos ricos e é un avogado das recomendacións.

Entonces xa os galegos estabamos como o peixe na auga, como, como celtas. ¿Por qué lle gusta esto a unha xente tan humilde coma nós, coma os galegos, dunha terra tantos longos anos pobre, unha terra realmente todos vós o sabedes, moitos de vós tedes sabido daqueles pequenas aldeas nosas, todos sabedes a pobreza da nosa vida cotián, por qué lle gustou esto porque preferiu por exemplo os suevos unha caste heroica tremenda grandes cabalgadores, grandes heroes unha das máis puras sangues que produxo nunca a selva xermánica, non foron estos celtas, esta xente espaxada que non logrou nunca formar un estado, sempre dividida en pequenos, en pequenos bandos indo pra aquí pra alá cos seus rebaños de vacas e cos seus rebaños de cabalos, facendo exorcismos ó ferro cando se lle traballa na fragua, unha raza pobre e sen embargo amiga do ouro, tan amiga do ouro que hai un libro dun gran filólogo irlandés actual, neste momento, dos estudos da lingua gaelica en Dublín o profesor Mc Macanan, moi amigo meu que escribiu un libro en que explica algúns dos éxitos, das emigracións dos celtas pola búsqueda do ouro.

Esto veu tamén a Galicia a mezclarse un pouco co problema dos celtas, por exemplo Murguía en que el pensaba hai unhas cartas de Murguía en que el pensaba escribir ou pensaba facer Don Vicente Risco tamén se preocupou moito deste tema, como vostedes saben cando os romás chegaron a Galicia foron un pouco sorprendidos pola cantidá de ouro que topaban nos chafas e nos deuses das distintas tribus, son esas xoias de ouro algunhas fermosísimas que se conservan nos museos galegos por exemplo no museo de Pontevedra e non museo de Lugo, os torques, as diademas o tesouro de Calas, o tesouro da Aungalada o tesouro o gran torques de Burela en Ribadeo, que son nada menos que dúas libras en media de Ouro, etc.

E os romás explotaron o ouro galego, o ouro estaba como saben, no extremo sudeste de Galicia, no Sil.

As médulas no Bierzo, e unha das montañas Plinio dedicou unhas páxinas, unhas líneas, unhas párrafos verdadeiramente emocionante o traballo naquelas minas. Valerianos, cachearon tódolos montes e valeiraron totalmente aquela montaña de ouro, desvíaron o río Sil pra furar un monte e facer o que hoxe existe aínda Monte Furado, e poder meter por ahí o río e por outro lado poder aproveitar os venelos. Pódese asegurar, non se sabe dende logo que cantidades de Ouro podeiron haber podido salir de Galicia no século I, II do imperio. Pero pódese asegurar que saliu chámalle Otero Pedrayo a esa explotación mineira aurífera o "Cluniqué Galego" e e verda, saliu máis ouro dali, que puido haber salido de California nos días de (...) Galicia sostuvo economicamente co ouro das suas minas gran parte de política exterior romá no día de Trajano e de Adriano emperadores gloriosamente españoles píos felices (...)

Claro, entón aparecía o ouro en Galicia con certa frecuencia. Os celtas, os reises celtas tiñan Albinos. O albino din que ve o ouro na noite, e en tódalas lendas celtas hai

sempre un rei que ten unha especie de Albino de cámara o que solta na noite, como se solta un can na hortta pra que vaia para ver se atopa ouro, e aparecen con moita frecuencia tesouros. Hai zonas en Galicia que son a de máxima densidá de achadegos de ouro, de toda a Europa Occidental. Isto fixo tamén non solo que se falara do Ouro dos celtas e que se repetira esta hasta saciedade senon dixo que en moitas aldeas galegas moi segredamente hai moita xente que ten escondido o libro de San Cipriano, "O Ciprianillo" donde da pelos e señales dos sitios en que se atopaban tesouros gárdanos os mouros. Algunhas veces poucas gárdanas as fadas, pero en xeneral o gardador dun tesouro é o mouro, hai que saber unhas determinadas palabras ou hai que sabendo as palabras se o mellor o tesouro está pechado entonces hi que .... as palabras cos dedos da boca e irlle dando unhas voltíñas hasta que un faga unha chave en cando ten a clave na man entonces abre a caixa do tesouro con ela.

Galicia o que foi, foi un espléndido pobo de mestizos foi un pobo, era coma un fondo de saco. De modo que alí chegaron Ligures, esta atestiguado; chegaron Ilirios está incluso atestiguado polo sustrato lingüístico, chegaron algúns Celtas, chegaron despois os Romás e non sabemos se puido vir algunha xente polo mar, porque máis tarde e cas mesmas dificultades de navegación si viñeron. De modo que se atoparon os romás. e entón chegou un gran pueblo xermánico, xa digo, o máis noble o máis ilustre de tódolos pueblos xermánicos que se habían posto en camiño hacia o extremo Occidente, os suevos. Eran poucos pero o seu rastro no país e verdadeiramente impresionante. En primeiro lugar somáticamente pode dicirse que tódolos galegos louros e de ollos claros etc, nunha gran cantidade son de sangue gótico. En segundo lugar sendo poucos repartíronse perfectamente o país. A toponimia galega excepto a máis recente ou toponimia romá ou algunha moi rara, e case toda ela Gótica todos esos pobos por exemplo terminados en IZ, como Guitiriz, Villadriz, Goiriz, Romariz etc, pois o que son Romariz e un ... Curiz despois o mesmo que despois por exemplo en Castela de un Sancho fara un Sánchez, de un Fernando fara un Fernández etc.

Guitiriz é un Guntericus e Villaoudrio e un .... de modo que son todos eles nomes xermánicos co posesivo final IZ.

Son tamén góticos todos os nomes galegos que terminan en Il como Villamil, Prencemil, Freixomil etc. todos estos. De moso que a xente era pouca pero a sua influencia foi enorme.

Ahora ó galego non lle fixo gracia ningunha esto dos suevos creo que algunha que outra vez se lle de o nome de Suevia, en Vigo a un cabaret, en Coruña a unha casa de comidas, pero non ten maior importancia, a xente esto dos suevos non lle fixo gracia ningunha. E foi sin duda ningunha a aportación xa nos tempos históricos de sangue nova vida de fora máis importante que houbo en Galicia.

E por outro lado pode dicirse tamén sin lugar a dudas que tódalas familias nobles galegas da edad media, desde os Andrade os Feixoo, dende a familia de San Rosendo fundador de Celanova hasta os Montinegro e calquera todos en absoluto todos os Osorio de Moscoso etc. tódalas familias nobles galegas de Edad Media todas elas son caste

gótica, caste sueva, todas elas levan sangue sueva, todos eles están emparentados San Rosendo dunha maneira moi directa por exemplo cos reises de León de Ordoño e demais todos eles, ben pois todas estas familias góticas en cambio a xente do país non lle importau nada nen lle deu importancia ningunha.

Entón a poboación de Galicia faise dunha maneira un tanto extraña. Temos estes pobos que foron o cu de saco do Fisterra, temos logo os romás, temos logo os suevos e entón cando ven a invasión musulmana hai naturalmente moita xente que ben do sur Celtas, e dicir, hispano celtas, do Guadiana: celtíberos bacios turdetanos toda a xente romanizada dende logo e despois sometida o imperio gótico, pero non dunha maneira tan decisiva como Galicia estuvo sometida os suevos, e dicie, hai zonas de España a terra de Campos os antiguos campos góticos campo Palati por Palencia onde efectivamente foi coma unha especie de explotación cereal dos romás pra lexión en España. Entón claro hai un reparto de terras, concentración de terras polos romás etc. E logo despois esto vano a continuar os visigodos e serán os campos gotorum a actual terra de campos non fixeron máis que heredar unha concentración de produción de cereal que xa habían organizado os romanos pero no resto non houbo nunca esa presión.

Tan pronto os mouros saen de Galicia, e dicir, que dan pra debaixo do miño e pra debaixo do sil procédese a unha reprodución bastante rápida, conservamos un documento precioso que é "Repoboación da diocesis de Lugo" polo obispo Odoacio, un obispo do século VIII, e ademais un documento moi precioso de leer, porque e como se un neno en vísperas de nadal fora a facer un pesebre, e puxera aquí os reises magos, alí a virxe e San Xosé e o neno Xesús e aquí xunto o río unhas lavadeiras, un pouco máis abaixo unha muller segando a herba, noutro lado un muiñeiro e noutro lado un pastor cunhas ovellas etc. Pois así vai o obispo Odoacio na súa repoblación vai dicindo que en Santa Eulalia de Bóveda fai unha igrexa e hai un palomar e ademais hai un río e entón hai unha poste e hai un muiño que serán de fulano e podrá haber alí tantas ovellas e fulano daralle a igrexa tantos ferrados etc. todo esto tal, e encima a xente que trae, a xente a maior parte das veces na repoblación de Lugo a xente fuxida do sur de España. Servos dos señores góticos os que se chama un pouco confusamente, porque había moitas cousas que distinguir entre esles mozárabes e así queda repoboada por exemplo a provincia de Lugo.

Pero estas repoboacións que se fan de fora pra dentro na maior parte un 60% probablemente de xente de fora, xente que viña do sul un pouco máis tarde vaise facer de Galicia pra fora. e entón isto tamén toca cos celtas e non esto do humor Celta, e ca morriña do Celta cas churadiñas do celta, e ca gracia do celta e con todas estas cousas, e por exemplo cando Alfonso III de León fai unha raxa por Portugal e chega casi hasta o texo, de feito pasou o Mondego e entón lévase con el de retorno a Galicia unha grande cantidade de xente con esta xente vai a repoblar parte da provincia de Ourense na zona que se estende pola veira do Miña, e sigue por Arbo as Neves etc, hasta casi Guillarei un pouco mai aló. E con outra parte desta xente vai a repoblar as Rías Baixas, e colle a xente das Rías Baixas que a maior parte dela era unha xente de caste gótica e polo tanto loura,



leva nada menos que a terra de Campos e as Berdulias o norte da actual Castela. E dicir, que os casteláns en virtude de repoboación de Alfonso III de León teñen sangue galega nas rías baixas se que se lle pode chamar sangue galega ou sempre española a unha sangue daquel tempo, en fin, que todo se estaba facendo nela de modo que a Castela a xente das Berdulias e a xente da terra de Campos a estes casteláns das .... paralelas que teñen a pel mesmo da cor dos seus barbeitos das suas terras de fulgado, pois toda esta xente e xente galega.

Eu fai dous tres anos nunha viaxe por terra de campos que unha terra que me gusta moito, levaba eu metido na cabeza, sempre leva un metido cousas na cabeza, decía haber se atopo eu algo, poi unha sorrisa nunha muller o cabelo louro nun neno, un xesto algo nun paisan haber si que me recorde a min pois os galegos que fai tantos anos no 1130 trouxo aquí Alfonso III de León e non había nada, era por semana santa e unha xente unha gran xente e unha das mellores xentes de España e do mundo a xente da terra de Campos estaban serios nas iglesias, asistindo o sermón do desencravo como verdadeiros testigos, como si tiveran que dar non sei dunha quiza diante de Deus mesmo testimonio de pasión e morte do noso señor Xesucristo. Horas enteira ...., e despois xa por Pascua Frorida paramos nun pobo, non recordo agora cal e había una meniño, un meniño loiro, loiro, loiro se os hai no mundo tiña unha cabeleira de ouro, tiña unhos ollos azul celeste e dixen hai atopei por fin, esta debe se a última gota de sangue galega traída das rías baixas por Alfonso III que queda aquí, e entón correu unha aboa, unha velliña correu a collelo neno, e díxome e que o pai está traballando e en Alemania e casouse cunha moza dalá, de modo que realmente non había, había caste gótica pero non a través do galego.

Despois Galicia como tódolos pobos de mestizos foi moi fácilmente asimiladora. Cando nos tempos almanzor ou grandes empuxóns deos Almujaides e dos Almorávidas a xente quedouse en Galicia e misturouse e todo o máis quedan alí algunhas aldeas que levan o nome de mouriscados ou de mouriscos, que agora tamén se empeza a pensar en outra cousa, porque se sabe que cando a expulsión dos mouriscos de España polo rei Carlos III, moitos mouriscos que claro que estaban, ou polo menos aparentasen convertidos o cristianismo viñeron a Galicia a traballar nos mosteiros e está probado sin lugar a ningunha dúbida que os, as fachadas neoclásicas e barrocas en Sobrado, de Monfero, de Oseira, de Lourenza de Meire etc. foron todas elas feitas por Moriscos, por .... mouriscos que aproveitáanse que en Galicia non había ningunha preocupación e inquisición galega non se preocupaba de nada, e non había ningunha preocupación por esto viñeron e quedáronse aquí e mostráronse aquí ca xente. Os xudeos misturáronse moi axiña.

Aínda en sinagogas que eran moi ricas , e que tiñan a pretensión de vir de sangues moi ilustres e de príncipes entre os hebreos como era o caso da Sinagoga de Rivadabía, por exemplo, o como foi a sinagoga de Betanzos. Misturáronse rápidamente, cando chegou a hora de que saíran os xudeos no tempo dos reises católicos de Galicia non saíron máis que dúas dúcias de familias de xudeos moi ricos, a familia Espinosa, a familia dos Méndez de Bande, de donde ven Mendez Franxe o político francés, a familia de Mollo

que actualmente creo que o ministro de finanzas no goberno de Israel, chámase Piñas Mollo de modo que xa se pode ser galego e a familia Sapir que hoxe ten grandes representantes polo mundo no mesmo Israel ten Sapir e Zafiro, e o Zafiro Sapir é un grna filologo non EEUU etc. De modo que sólo grandes familias ricas se marcharon o resto todas eslas quedaron no país misturándose ca xente do país, hasta o punto de que varias veces no século XVII en pleitos tivos por herencias na Real Chancillería de Valladolid que e a onde iban tódolos pleitos de heredamentos de bes vinculados da nobreza galega, como había a sospeita de que había moita sangue xudea o mellor o castelán que lle discutía o galego unhos bens vinculados en León ou no sur ou en Andalucía etc en seguida ca ... de xudeu e intentaba remontar o árbol xenealóxico ata pegar cun David, un Moisés un etc ou con algunhas señoras Doña Sol, Doña Noche, Doña Sorprendida, Doña Niebla son os nombres preciosos Doña Sorprendida. Entón este pobo de mestizos ben obrigado no século XI pola chegada das grandes abadías de Cluny a unhas estruturas socioeconómicas que duran deica hoxe e que son un dos grandes problemas de Galicia que a repartición actual da poboación no campo.

As abadías de Cluny querían terra laborable entónces o redor das abadías iban dando en foro a xente a este unha viña, outro un prado, outro tal iban facendo os lugares ... e repartindo así a terra. Claro foron uns grandes colonizadores, pódese calcular o 60% da terra labrada que hai neste momento en Galicia, e a terra labrada feita polas abadías de Cluny no século XI dando en aforamento os labregos as terras. E pero claro, esto creou a actual situación en Galicia, que a meu ver o meu ver non tería importancia ningunha, pero o ver a xente que seriamente se preocupa dos problemas económicos de Galicia fai imposible unha reforma agraria, fai imposible unha restructuración moderna da agricultura, e sobre todo chega a facer imposible a vida humán porque vin 6 ou 7 Km dunha sinlleira hai unha casa, e alí outra e dúas xunto a igrexa outra alí abaixo e outra acolá en baixo nin pode haber escola nin pode haber sevicios .... nin pode haber confor, nin pode haber absolutamente nada, non se pode facer nada. Electrificar Galicia costou máis que supoño eu, vamos costou mai que electrificar Berlín ou París darlle luz a tódalas aldeas galegas, e prácticamente imposible facer nada; e esto é o producto da chegada como consecuencia do Camiño de Santiago, o descubrimento do sepulcro do apóstol, dos monxes de Cluny e despois dos monxes como decimos en Galicia, dos do cister dicen os documentos medievales o Santo orden do Cistel.

O camiño de Santiago e outro momento esencial na realidade económica galega, Galicia había quedado outra vez cortada, había volto a ser outra vez o Fisterre, país perdido lonxe donde non había xeito de chegar.

Foi o descubrimento do sepulcro do apóstol o mesmo do século IX o que vai a abrir esa gran vía o camiño francés, que non se sabe donde comeza no Este de Europa pra rematar xunto a tumba de Apóstol Santiago. Hai tamén un gran problema de moi difícil explicación, realmente quizabes haxa tódalas pezas do puzzle do rompecabezas pero de moi difícil facelas cadrar. Donde foi descuberto o sepulcro do apóstol había xa moitos enterramentos, enterramentos de moi diversas épocas da época romá hasta a época sueva

e a época mesma en que foi descuberta o sepulcro de apóstolo, e dicir, onde está hoxe Santiago de Compostela donde está a catedral e está o sepulcro do apóstol había un centro relixioso dunha importancia excepcional, un centro relixioso onde iba a enterrarse xente moi diversa e de moi diversas partes de Galicia. Hoxe debaixo da nave Central da Catedral de Santiago, está moi ben posto, pódense ver tódolos niveles de excavación.

Pódese ver as tumbas galego romás, pódense ver as tumbas góticas e vese perfectamente tódolos niveles de enterramento o longo de VII séculos. Agora que habendo un lugar de culto tan importante, que habendo ido a enterrarse alí tanta xente, haxa habido tal silencio sobre aquilo durante VII séculos e algo verdadeiramente inconcebible, verdadeiramente milagroso. Se están alí os restos do apóstol, e eu creo que están dende logo e o primeiro e máis grande dos seus milagros VII séculos de total silencio en que naide dixo a naide porque iba alí, porque se bañaba alí nunhos pozos e nunhas fontes que hai debaixo do que son hoxe as escaleiras da praza das praterías, naide dixo a naide porque se enterraba alí.

Ben, apareceu o sepulcro de Apóstol Santiago e entón divulgouse tanto absolutamente como se había gardado o silencio tan absoluto explosión de noticia polo mundo de aquí se había descuberto no extremo da terra conocida un sartego que contiña os osos do apóstol Santiago. En seguida comenzou a haber peregrinacións casi cen anos despois do descubremendo do Apóstol xa D..... un obispo do Puig en Francia ven a Santiago, xa 100 anos despois debía haber moito peleríño porque un obispo francés Xiraldo de Ourillac o ver as grandes penalidades dos peleríños subindo hasta o Cebreiro, o val do Bierzo no alto do Cebreiro construen o primeiro hospital pra peleríños e hoxe consérvase a estrutura prerománica e casi visigótico de basílica e hospital. e entón que dou aberto eso que se chamou o camiño francés e Galicia por primeira vez desde a época romá volve a ter unha comunicación co mundo vai a ser unha gran vía de cultura, de camiño do arte, non so de devoción virán correntes filosóficas, metres de teoloxía e de frores gregas e de frores latinas e encherase todo o camiño de eirexas románicas as nosas as galegas seguindo a grande línea do románico francés do románico de Toulouse especialmente do románico de ..... pero sempre con un aire noso un pouco máis labrego e humildoso un pouco máis de contacto na natureza. etc.-

O Camiño, se eu lles digo por exemplo que é en Varsovia, na ..... calle dos cabaleiros había un hospital pros peleríños que viñan a Santiago, que imos a estar en Croacia na actual Yugoslavia había tamén un hospital para peleríños, ten Estocolmo o ano pasado funa ver o areporto e a cidade e dererita hai unha colina e anuncia un letreiro na carretera ..... a montaña de Santiago, e fun alí porque alí había un hospital de Santiago a reuníanse alí todos os suecos que iban a facer a peregrinación pra entrar na ciudad alí dábanlle roupas novas e pra tomar o barco ou pasar a Dinamarca e por terra había que facer a peregrinaxe do señor Santiago. Pero cando un paisano noso don Paio Gómez de Soutomaior foi como embaixador de Enrique III de Castela o gran tamerlán, atopouse na corte o gran tamerlán a un secretario de cortes gregas, de tarmelán un monxe nestoriano que soñaba con facer a pelegrinaxe a Santiago de Compostela.

Por facela de unha maneira un pouco especial porque pensaba roubarlle dúas ducias de cabalos gran Tamerlán vendelas na feira de SAn Marcanda e co diñeiro que saquese poi vir en pelegrinación a Santiago de Compostela, que seguro lle perdonaría todo.

Toda Europa pelegrinou a Santiago, pelegrinaron os reise, pelegrinaron os Santos, pelegrinou o pobo miudo, xente que había cometido crímenes e común pena poníanlle os tribunais de xusticia tanto en Francia, como en Flandes como en Alemania o facer a pelegrinación de Santiago, a....., viñeron grandes poetas, e dicir, as cantigas galegas da Edade Media o eco provenzal que en ela haxa polo camiño de Santiago con Marcabru veu o poeta ..... e Serbruneto Latini cando veu de embaixador de Florencia a Carlos III no 124 e tantos e en fin, toda, toda Europa pódese dicir que pelegrinou e Don Ramón del Valle Inclán gustáballe moito nas listas de peleriños e depois de moitos nomes ilustres, de grandes nomes, condes de Tolosa, príncipes de Provenza, xente da casa ducal de Borgoña o atopar por exemplo na lista unha ilustre viuda de Maguncia. E entonces acordábanse daquela viuda de Bat que ven non contos de CAntor Veri de Sofri e que tamén había feito todas as peregrinacións que hai que facer e en cada unha delas había toda a sorte de atopar o marido aínda que logo claro, morreuselle para buscar ....

Santiago foi dunha importancia excepcional a importancia de Santiago é enorme e mudou pode dicirse de algunha maneira, o destino de Galicia e de algunha maneira tamén pode dicir que está no nacemento de Portugal. Sería moi outro todo o destiño do occidente penínsular senon houbera sido descuberto o sepulcro de Santiago; non só porque a sede romá tivo ciumes desde moi axiña, porque o único sepulcro dun apóstol que había en occidente era do se SAn Pedro de Roma pero agora aquí no cabo de mundo en Galicia aparecía outro SAn tiago e entonces un día os obispos de Santiago apoiados no enorme prestixio da tumba apostólica ¿que podían facer? hasta podían facer algo contra Roma, e entón Roma mandou aquí a orden de Cluny e con Cluny a casa de Borgoña que é a casa que está, o sangue que está no nacemento de Portugal, e entonces foi coma unha cabeza de Ponte de sede apostólica contra Santiago de Compostela. O medo tuvo que pasarlles antigas, axiña porque os españoles transformamos rápidamente a SAn tiago apóstol no SAn tiago Matemora e entonces esa o capitán de terra santa contra os moros, tamén nos tiñamos contra guerra santa xa con este gran señor como capitán do seu cabalo blaco e pode dicirse que media idade media español, a edadea media idade militar está feita por Santiago Americo CAstro deidicoulle un libro tan esclarecedor que todo o que se poida dicir sobre eso pois xa non queda nada.

En fin creo que estou, quedándome moitas cousas que dicir, cero que os estou cansando moito tempo.

Galicia o longo da reconquista ..... a primeira gran emigración galega a mitad das suas xentes sobre o sul de España. Toda a zona hasta o Douro, toda a zona hasta o texo, toda a zona hasta o Guadalquivir foi repoblada por xente galega. Ciudad Real que entonces se chamaba Vila Real foi poblada por xente de Guitiriz; Murcia foi poblada por Alfonso X el sabio xente de Ortigueira. A provincia de Huelva e gran parte da provincia

de Cádiz o de Sevilla foi poblada con xente de Limia, a zona de Celanova, Allariz, o Valle Montenei, et.

Claro esta xente iba coma soldados da nobreza galega, as campañas contra o mouro foron as Américas dos nosos linaxes militares, toda a traectoria de nobreza española nesta zona, non na catalano-aragonesa e sempre a mesma casa solar en Galicia, Asturias ou a montaña, loitas contra o mouro no Douro, no Texo o Guadalquivir e entonces grandes acontecementos na Andalucía e tiduos de nobreza, a mitad da gran nobreza española leva apelidos galegos e nun gran número e despois uns poucos asturianos e montañeses. Marcháronse os primoxénicos e quedaron aquí os segundos e no final do XIV e comenzos do XV e a época que eu chamo dos Condes Tolos, quedaron aquí nas suas torres 80,90, ou 100 ..... dispostos a saquear o país.

E o que eles chamaban, chamou un deles comer o galo cando viñeron os reis católicos despois da sublevación de S. Irmandá, a toda a ..... que moitos din como moitos falaron das comunidades, do levantamento do movemento retrógrado en relación ca política moderna que traía o imperante Carlos etc.

Eu quero decirlles se a política das comunidades, a política dos irmandiños galegos eran ou non era unha política moderna, primeiro: pedían que as cortes se poidan reunir cando as cidades quixeran "el rei". Era polo tanto ter un parlamento permanente que fiscalizaría.

Segundo: que non se podían dar, reximentos nas cidades por herencia.

Terceiro: que non se podía aprobar ningún imposto que non fora aprobado polas cortes, etc.

E dicir que me digan a min, en fin esto non é moderno e se non estaban ahí tanto nas comunidades de Castela como nos irmandiños de Galicia, a posibilidade de unha nova vida política que agora está de moda moitas veces o dicir que non o retrógrado, o que fora...

Os reises católicos tiveron que vir fixéronlle un gran ben a Galici, naquel momento e dicir restableceron a paz cortaron cabezas coma a do mariscal Pedro Pardo de Cela na praza do meu pobo, foi a cabeza rodada e entonces un ..... que tiña o obispo de Mondoñedo debía entón un ministro de propaganda ..... inventou que a cabeza conforme iba rodando despois de cortada como había empezado a dicir o credo, credo, creo en Deus pater... pois decindo o credo, credo, credo hasta que parou co cual quedaron todos convencidos os paisanos de Mondoñedo de que o Mariscal na última hora se había sometido o obispo con quen pelexaba que era o que se buscaba.

Ben, os reises impuxeron a paz. Xa os irmandiños habían destruído casi o 90% de tódalas fortalezas do país todolos castelos de Galicia foron arrasados polos irmandiños non quedan máis que montós de pedras, os reises impuxeron unha xusticia moi dura pero absolutamente necesaria. Hai unha anécdota que conta Vasco de Ponte: estaban s D. Fernando e a Dona Isabel en Santiago e xa habían dado orden de que tódolos nobles galegos cando eles saíran pra Castela foran tras eles e tomaran parte na guerra que iba a ser a conquista de Granada, pro había o conde vello de Altamira que pesaba 360 libras

galegas, e entón o conde tan vello, tan gordo pediu permiso pra se quedar. Don Fernando e Dona Isabel déronllo pro despois de ter o permiso pra quedarse, un día estando xantando na súa casa en Santiago dixo: "bueno marcharse han os hóspedes e volveremos a comer galo". Marcháronse os hóspedes, e dicir, Fernando e Isabel e eles volverían a comer o galo, o probe galo de Galicia, porque hai que leer os documentos daquel tempo, tódolos documentos publicados por André Martínez Salazar ou publicados por Ferro Couselo, López Amade por moita xente e alí está Santa María do Vilar de ..., 18 mollos de viño, 20 cazos de..... dous xatos, un boi, tantos días da arada na terra do señor, etc. este era o galo, o galo que estaban dispostos a comerse e que se comían os nosos condes ....

Ahora neste momento produxéronse dúas cousas:

Ben a nobleza foise e unha orden dos reises católicos prohibiu que os documentos públicos se redactaran en idioma galego. e en segundo lugar fíxose moita forza nas costumes e nas ordenacións de Galicia, xa non se permitiu que houbera grandes abades comendatarios, que ca congregación de San Benito de Valladolid, que é a que pertencían as abadías galegas de Cluny, por exemplo mandaba un monxe como Abade, eran os abades comendatarios viñan para administrar. Moitos destes abades nin estaban e o que facían eran levarse as rendas para Castela e Andalucía, pasan de mil os maiorazgos, os morgados creados cas rendas dos mosteiros galegos no século XVI e XVII levadas polos abades comendatarios pro os seus sobriños, pro os seus irmáns e hatra pra os seus fillos, que algúns tiñanos e de modo que entón algúns volveron despois a Lemos, Monterrei, foron virreises nas Indias, foron vireises en Italia pro nos desde entón fumos imperialista o servicio de outros emperadores.

Logo outro gran momento de realidade histórica galega de algún xeito fracasado por moitas cousas e o momento da Ilustración o século das luces no s. XVIII. Houbo un pequeno grupo de xente da primeira nobleza galega, Cornide de Quiroga por exemplo xa non falo daqueles que foron dalgún xeito precursores polo pensamento que eso sólo merecía unha hora de explicar elemental que son o padre Feixoo e o padre Sarmiento.

Pero en fin Cornide de Quiroga escribindo sobre a reforma de agricultura sobre a necesidade dunha lei de pesca, Ibañez ou de Sargadelos montando a metarurxía de Sargadelos e despois a famosa cerámica etc. escribíndose cartas uns os outros e esas cartas que se escribían o xeito do século XVIII a maior parte das veces anónima, carta que un caballero de buena familia después de regresar de un viaje por el Báltico, escribe a cerca del comercio del Lino y del Cñamo. Carta que un joven de buena posición que ha estudiado en las univrdidades de Salamanca etc. Después un viaje por Italia escribe a cerca de las ordenanzas urbanas, o que permite mantener limpia unha ciudad ou a traida de augas, o alcantirallado ou a traer unha enorme correspondencia, en que pretendías poñer a Galicia a par con Europa e intentaron grandes empresas mercantiles estas tiñan que fallar necesariamente por un feito, porque Galicia non tiña comunicación co resto de península.

E dicir como iba a ir a cerámica de Sargadelos a Madrí .... a Barcelona e o resto de España non había un camiño, tiñan que ir a lomos de mula, pero pasando Pedrafita do

Cebreiro, as portillas de Piornedo ou de CAndes simple eso, porque chegou haber grandes empresas mercantiles o ano pasado por estas datas eu retrateime en Estocolmo no vello ponte do rei na "Jansa" despois de comer moi ben, porque para estas cousas hai que comer moi ben no restaurant Aurora que foi unha factoría de Jansa en Estocolmo. Din que aínda agora cando fan obras e removen o piso aparecen graos de trigo de cando foi almacén de Jansa.

Pois alí está unha lista de tódolos portos europeos que podían comerciar na factoría de Jansa en Estocolmo e en eles habla hai un porto galego, un pequeno porto casi desconocido Ribadeo. e eran uns veleiros de Ribadeo, el joven Antoñito la flora, Paquito San Antonio e ánimas que eu seguín tódolos nomes destes que iban o trigo, o lino e o cáñamo o Báltico pro logo esto chegaba, e por exemplo había fábrica de lenzos en Muxía, pero a quen lle iban a vender os de Muxía os lenzos, pra onde se ían a levar, por onde. Esto fallou todos os intentos económicos, toda a xente galega destes cabaleiríos de Ilustracións, preciosas figuras algúns como Cornide de Saavedra había estado nun colexio de xesuítas en Valladolid e había levado tres anos seguidos o premio de danza, porque os que millores bailaban en Europa no s. XVIII eran os alumnos dos xesuítas, dos colexios de ..... en Francia, e en ..... en Austria era unha verdadeira maravilla.

Ben xa non lles vou a cansar mais, gustaríame seguir falándolles do que é a realidade histórica galega. Solo unhas verbas pro o noso presente:

"Pra min, como pra moitos e unha especie de crisma de Santos Olios que se nos pon no bautismo e idioma a fala. Eu son tan español como o que máis ..... pertenezco a unha familia cansa de servir a España, con xente nas maxistraturas nos exércitos e na ..... desde que haxa memoria. Facendo probas de nobleza a escola de guardias marinas, no XVIII ou no colexio de artillería de Segovia ou donde fose.

Nas órdenes militares, xa digo son español como o que máis por senso humán son a persona menos separatista do mundo, estou disposto incluso a recoñecer por irmán a un turco desos que dicen que eles cando se a fugan, flotan panza arriba mentras que os cristiáns flotamos panza abaixo. Estou disposto, xa digo repito moi .... español como a que máis o sexa pro hai algo que eu como moitos non podemos tranxixir e o idioma, e a nos señal como pobo, e como a máis fermosa obra que nos fixemos o longo de séculos, e aquilo que nos mantén agrupados e unha maneira que temos de entender o mundo esta xente tan humilde que se chama os galegos. Cada fala, cada llingua e unha maneira de decir o mundo, de decir o entorno, de decir as relacións do home con Deus, e do home ca natureza e do home con pai e do home cos fillos e da home ca terra que se labra e hasta do can amigo e compañeiro dos paseos, cada fala é un mundo. España ten a enorme riqueza, permítese o enorme luxo de ter catro grandes idiomas unha contra enorme tradición literaria falado por unha xente de grande calidade intelectual e moral que a lengua de Cataluña.

Outro os vascos teñen o seu idioma cantan, con cantares moi sinxelos de ..... sempre os bosques as suas colinas verdes, os seus deportes arrastrandos os bois grades pedras, grandes troncos de carballo eles etc.. e eles é unha gran reliquia non se sabe de

donde ven e calquera hipótesis e permitida pero en fin e deles, teñen dereito a ela. Ahí estamos nos, nos ca nosa lingua galega unha das máis ilustres da romanida, mentras cas máis sexan pai de lingua de Portugal, que pasou o mar e foi o Brasil, sermos máis de 200 millóns de homes a falar o portugués no ano 2000. e eu me pregunto si en que se pode permitir o luxo de tirar esto o río, se hai alguén que se pode permitir o luxo de renunciar a este enorme riqueza esta España que si Alfonso X o sabio que foi destacado galego, que se criou en galego nas terras de Allariz, que aprendeu o galego en Allariz mesmo, que escribiu en galego cantigas de maldecir, castiga de amor e as cantigas de Santa María facendo un eloxio de España decia que era rica en acerte, rica en azafrán e rica en veneiros de platan e en veneiros de ouro e rica en .... e rica en xente de inxenio etc. a él faltoulle decir que era rica en falas, era rica en linguas; e unha das máis ilustres, unha daquelas que máis directamente fan a riqueza de España esta lingua en que eu os falei hoxe, e vosoutros galegos vos e xenerosos me tedes escoitado.